

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL

- 4151** *Real decreto 92/2019, do 1 de marzo, polo que se crea a especialidade de Asturianada nas ensinanzas profesionais de música e se establecen os aspectos básicos do currículo desta especialidade.*

A disposición adicional primeira do Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, prevé que a relación de especialidades instrumentais ou vocais que se establecen na dita norma poderá ser ampliada con outras que, pola súa raíz tradicional ou polo grao de interese etnográfico e a complexidade do seu repertorio, ou polo seu valor histórico na cultura musical europea e o grao de implantación no ámbito territorial correspondente, así como debido ás novas demandas dunha sociedade plural, requiran o tratamento de especialidade.

Por outra parte, no número 2 da dita disposición detállase que a creación de novas especialidades será adoptada polo Goberno, ben por instancia das comunidades autónomas, ben por iniciativa propia, unha vez oídas estas. O establecemento do currículo das posibles novas especialidades rexeráse polo establecido no artigo 6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, dedica o capítulo VI do título I ás ensinanzas artísticas, que teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, entre outros, da música. No artigo 6.bis.3 especificábase que, para as ensinanzas artísticas profesionais, o Goberno fixará os obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación do currículo básico, que requirirán o 55 por 100 dos horarios escolares para as comunidades autónomas que teñan lingua cooficial e o 65 por 100 para aquelas que non a teñan.

Por iniciativa da Comunidade Autónoma do Principado de Asturias, este real decreto amplía a relación de especialidades vocais das ensinanzas profesionais de música coa inclusión da especialidade de Asturianada.

A creación desta especialidade xustifícase pola importancia que a Asturianada, tamén denominada Tonada e Canción asturiana, ten como expresión viva de tradición oral na sociedade asturiana e como manifestación histórica significativa da cultura tradicional autóctona, así como tamén pola proxección que acadou en España durante o primeiro terzo do século XX, ao formar parte das máis dinámicas e coñecidas tradicións populares de canto monódico con presenza nos espazos de produción artística tradicional da época.

Coa creación desta especialidade preténdese crear un espazo que permita o ensino, o estudo, a investigación, a protección e, en consecuencia, a preservación e a difusión do canto autóctono asturiano por excelencia, como elemento de identidade e como un dos máis valiosos compoñentes vivos do patrimonio musical de tradición oral, o que permitirá educar presentes e futuras xeracións na súa práctica, na súa estética e nos valores tradicionais.

De conformidade co anteriormente exposto, este real decreto, mediante o cal se amplía a relación de especialidades vocais das ensinanzas profesionais de música coa inclusión da Asturianada, establece, así mesmo, os aspectos básicos do currículo da nova especialidade.

Recorreuse a unha norma regulamentaria para establecer bases estatais conformes co Tribunal Constitucional, que admite que «excepcionalmente» as bases se poidan establecer mediante normas regulamentarias en determinados supostos, como ocorre neste caso, cando «resulta complemento indispensable para asegurar o mínimo común denominador establecido nas normas legais básicas» (así, entre outras, nas SSTC 25/1983, 32/1983, 48/1988, 76/1983, 77/1985, 158/1986, 69/1988, 80/1988, 182/1988, 227/1988 e 86/1989, 141/1993, 132/1992 e 179/1992).

Cabe mencionar que este real decreto se axusta aos principios de boa regulación contidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, en canto que se persegue o interese xeral ao enriquecer o sistema educativo, contribuír á protección do patrimonio cultural español e reforzar a cooperación entre as administracións educativas; ao non existir ningunha alternativa regulatoria menos restritiva de dereitos, resulta coherente co ordenamento xurídico e permite unha xestión máis eficiente dos recursos públicos. Do mesmo modo, durante o procedemento de elaboración da norma permitiuse a participación activa dos potenciais destinatarios a través do trámite de audiencia e información pública, e quedan xustificadas os obxectivos que persegue a lei.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultados o Consello Escolar do Estado, as comunidades autónomas no seo da Conferencia Sectorial de Educación e a Comisión Permanente do Consello Superior de Ensinanzas Artísticas, e emitiu informe o Ministerio de Política Territorial e Función Pública. Este real decreto está incluído no Plan anual normativo do Goberno para 2018.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Formación Profesional, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de marzo de 2019,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto ampliar as especialidades a que se refire o artigo 4 do Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa creación da especialidade de Asturianada nas ensinanzas profesionais de música.

2. Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 5, números 1 e 2, do Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, este real decreto establece os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas e os horarios escolares mínimos das ensinanzas profesionais de música da nova especialidade.

##### Artigo 2. *Materias que constitúen o currículo.*

1. As ensinanzas profesionais de música na especialidade de Asturianada organizaranse nas materias seguintes:

a) Materias comúns a todas as especialidades:

- 1.º Instrumento ou Voz.
- 2.º Linguaxe Musical.
- 3.º Harmonía.

b) Materias propias da especialidade:

- 1.º Conxunto.
- 2.º Coro.

2. As administracións educativas poderán incorporar outras materias ao desenvolveren o currículo das ensinanzas profesionais da dita especialidade.

3. As administracións educativas determinarán os cursos en que se deberán incluír as materias establecidas nos números anteriores.

Artigo 3. *Ensinanzas mínimas.*

1. Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constitúen as ensinanzas mínimas correspondentes á materia común de Instrumento ou Voz das ensinanzas profesionais serán os incluídos no anexo I.

2. Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constitúen as ensinanzas mínimas correspondentes ás restantes materias comúns e propias da especialidade de Asturianada nas ensinanzas profesionais de música serán os incluídos para cada unha delas no anexo I do Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro.

Artigo 4. *Tempos lectivos mínimos.*

O horario escolar que corresponde en todo caso aos contidos básicos das ensinanzas mínimas, de conformidade co disposto no artigo 6 bis.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, será o establecido no anexo II deste real decreto.

Artigo 5. *Titulación.*

Os alumnos e as alumnas que superasen as ensinanzas profesionais de música na especialidade de Asturianada obterán o título de técnico das Ensinanzas Profesionais de Música nesta especialidade.

Disposición adicional primeira. *Aplicación do Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro.*

As ensinanzas profesionais de música da especialidade de Asturianada rexeranse polo establecido neste real decreto, así como polo disposto no Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro.

Disposición adicional segunda. *Non incremento do gasto de persoal.*

Da aprobación deste real decreto non poderá derivar, en ningún caso, incremento do gasto de persoal.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial e carácter básico.*

Este real decreto ten carácter de norma básica e dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución, co fin de garantir o cumprimento das obrigacións dos poderes públicos nesta materia.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Educación e Formación Profesional para dítar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións requira a aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de marzo de 2019.

FELIPE R.

## ANEXO I

### **Aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas correspondentes á materia común de Instrumento ou Voz das ensinanzas profesionais de música da especialidade Asturianada**

#### *Introdución*

A materia de Asturianada oríentase ao dominio técnico e estético progresivo da voz, do canto, da dicción e do repertorio, segundo as pautas e os modelos do estilo desta tradición vocal. En relación coa voz, o alumnado adquirirá o control suficiente do aire mediante a respiración diafragmática para a adecuada emisión, afinación e articulación vocal; estudará as posibilidades da voz asturiana, en canto a colocación, calidade tímbrica, extensión – traballando gradualmente cara aos extremos por acadar a tesitura necesaria–, intensidade do son vocal e flexibilidade ou modulación á hora de desenvolver os melismas de cada frase musical nunha soa respiración sen cortes. Con relación ao canto, adquirirá o estilo da ornamentación, buscando o propio estilo e utilizando as audicións comparadas de diferentes intérpretes para analizar, de maneira crítica, as características das súas versións persoais.

#### *Obxectivos*

As ensinanzas correspondentes á materia de Instrumento ou Voz das ensinanzas profesionais de Asturianada terán como obxectivo o desenvolvemento nos alumnos das capacidades seguintes:

- a) Adquirir o control do aire por medio da respiración diafragmática para unha correcta emisión, afinación, articulación e colocación da voz.
- b) Coñecer as características e posibilidades da propia voz en canto a extensión, colocación, timbre, flexibilidade, calidades expresivas ou outras e saber utilizalas adecuadamente na interpretación da Asturianada.
- c) Adquirir, desenvolver e empregar unha vocalización que faga intelixible a interpretación da Asturianada.
- d) Adquirir e utilizar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- e) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación coa voz.
- f) Coñecer as características e a interrelación histórica entre os estilos ou modelos melódicos propios da Asturianada e interpretaralos axustándose ás distintas características vocais.
- g) Coñecer a historia da música tradicional asturiana e as figuras relevantes da interpretación e a difusión da Asturianada.
- h) Acadar unha perspectiva xeral das principais tradicións do canto en España, para así poder apreciar a súa singularidade e as súas interrelacións coa Asturianada.
- i) Coñecer e interpretar un repertorio que inclúa obras representativas de distintos estilos e épocas dunha dificultade adecuada a este nivel.
- j) Desenvolver a capacidade de interpretación individual e en grupo e adquirir experiencia práctica para desenvolverse en certames e noutras ocasións musicais tradicionais.

#### *Contidos*

Estudo da respiración diafragmática. Estudo da vocalización e da dicción dos textos da Asturianada. Traballo da intensidade e gradación do son vocal da Asturianada. Práctica da extensión gradual cara aos extremos da voz para adquirir a tesitura necesaria. Desenvolvemento gradual da duración dunha nota tida sobre unha soa respiración para a

consecución do máximo de *fiato* na Asturianada. Exercitación auditiva do timbre da propia voz e busca das distintas coloraturas vocais propias da Asturianada. Desenvolvemento da percepción total das sensacións fonatorias e dos distintos estilos de interpretación da Asturianada: «A tou pechu ou al altu la lleva; a la orella; filaos, vueltes, xiros, gorjeos y remates». Interpretación de estudos e obras, de menor a maior dificultade a medida que se vaia conseguindo o dominio técnico-vocal. Estudo do repertorio, que deberá incluír distintos modelos melódicos da Asturianada, tonais e modais, propios das súas diferentes épocas: etapa primitiva (ata 1800), etapa preclásica (1801-1900), etapa clásica (1901-1936), etapa posclásica (1940-1964), etapa contemporánea (1965 ata a actualidade). Adestramento permanente e progresivo da memoria. Práctica da lectura á vista. Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das súas diferentes versións. Práctica de conxunto.

#### *Criterios de avaliación*

1. Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exigencias da execución vocal da Asturianada.

Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución vocal da Asturianada e o grao de proxección da voz (grao de relaxación necesaria para evitar tensións que conduzan a unha perda de control na execución).

2. Demostrar o dominio na execución dos distintos estilos ou modelos melódicos da Asturianada sen desligar os aspectos técnicos da expresión musical.

Este criterio avalía a capacidade de interrelacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para acadar unha interpretación adecuada.

3. Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras da voz.

A través deste criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico da voz na Asturianada e a utilización de todas as súas posibilidades.

4. Demostrar capacidade e autonomía necesaria para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio.

Con este criterio preténdese avaliar a autonomía do alumnado e a súa competencia para emprender o estudo individualizado e a resolución dos problemas que lle xurdan no estudo.

5. Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación vocal.

Este criterio avalía a competencia progresiva que adquira o alumnado na lectura á primeira vista, así como a súa desenvoltura para abordar a improvisación vocal aplicando os coñecementos adquiridos.

6. Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo.

Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio da Asturianada e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.

7. Interpretar de memoria obras do repertorio da Asturianada de acordo cos criterios do estilo correspondente.

Mediante este criterio valóranse o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o seu resultado sonoro.

8. Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.

Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.

9. Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.

Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado acadou en canto aos hábitos de estudo e á capacidade de autocrítica.

10. Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.

Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e o grao de madurez da súa personalidade artística.

## ANEXO II

### Horario escolar mínimo da especialidade de Asturianada nas ensinanzas profesionais de música

Materia	Número de cursos	Total horas
Instrumento ou Voz. ....	6	180
Linguaxe Musical . . . . .	2	120
Harmonía . . . . .	2	120
Coro/Conxunto (1) . . . . .	6	300

(1) Os alumnos e as alumnas deberán realizar, como mínimo, durante os seis cursos que compoñen as ensinanzas profesionais de música, 300 horas no conxunto das agrupacións especificadas. A materia de Coro cursarase un mínimo de dous cursos académicos.